2. Os criterios poderanse modificar en cada convocatoria durante a vixencia do FEMP.

3. Para o ano 2020 os criterios que servirán de base para a determinación da prelación da solicitude serán, segundo a finalidade da axuda, os que se relacionan a seguir:

– O proxecto ten un encaixe colectivo, é dicir, o 10 % dos buques dun mesmo caladoiro, segmento e mesmo porto base solicitan o mesmo investimento, é dicir, son proxectos vinculados: 70 puntos.

– Financiamento propio do proxecto (fórmula do anexo IX).

- O financiamento con fondos propios é igual ou superior ao 40 %: 30 puntos.
- O financiamento está entre o 15 % e menos do 40 %: 20 puntos.
- O financiamento está entre o 1 % e menos do 15 %: 10 puntos.
- O financiamento é inferior ao 1 %: 0 puntos.

En caso de empate, terán preferencia aqueles investimentos realizados por embarcacións do Censo de arrastre de fondo no Caladoiro Nacional Cantábrico Noroeste, en atención á menor capacidade financeira.

C) Fase de selección.

1. Unha vez finalizada a fase anterior, a Comisión de Selección procederá a formular a proposta de resolución de concesión das axudas.

2. Na proposta que formule a Comisión de Selección figurarán de maneira individualizada os solicitantes propostos para obteren a subvención e indicarse a avaliación que lles corresponde segundo os criterios fixados nesta orde e indicaranse os expedientes seleccionados ordenadamente de acordo coa puntuación obtida ata esgotar as dispoñibilidades orzamentarias. Así mesmo, indicarse a proposta do importe da subvención para cada un deles.

3. A Comisión de Selección, se for o caso, establecerá unha lista de reserva con aquelas solicitudes que, reunindo os requisitos establecidos na orde de convocatoria, non obteñan a puntuación necesaria para seren seleccionadas por falta de crédito. Nesta lista de reser-



va indicaranse os expedientes seleccionados ordenadamente de acordo coa puntuación obtida.

4. No caso de que a suma dos investimentos subvencionados dos expedientes propostos non supere o crédito existente para as axudas, non será necesario que figure a avaliación individualizada de cada expediente.

5. O presidente da Comisión de Avaliación elevará proposta de resolución ao órgano concedente, que ditará as correspondentes resolucións de concesión.

#### Artigo 18. *Comisión de Selección*

1. Os expedientes serán avaliados por unha Comisión de Selección constituída na Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

2. A composición da Comisión Avaliadora estará formada polos seguintes membros:

a) Presidencia: subdirector/a xeral de Innovación Tecnolóxica.

b) Vogais: dous funcionarios adscritos á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica designados polo presidente e a Xefatura do Servizo de Innovación Tecnolóxica da Frota, que exercerá como secretaria.

3. En caso de imposibilidade de asistir a algunha das sesións, os membros do órgano colegiado poderán ser substituídos pola persoa que designe o presidente. O órgano colegiado precisará de, polo menos, a maioría simple dos membros para a realización da selección. No caso de excepcional ausencia do presidente, actuará como tal o secretario.

4. A reunión da Comisión de Selección poderá celebrarse presencial ou telematicamente.

5. A Comisión poderá propoñer que o órgano instructor requira a documentación complementaria necesaria para a correcta valoración da solicitude de que se trate.

6. A Comisión Avaliadora poderá traballar asistida dos asesores que xulgue conveniente, así como solicitar informes a expertos técnicos na materia.

7. A Comisión de Selección reunirse nunha sesión única para a elaboración da proposta de concesión ao órgano concedente, salvo no caso de que a suma dos investimentos



subvencionados dos expedientes propostos non supere o crédito existente para as axudas, caso en que poderá celebrar cantas sesións considere necesarias emitindo propostas parciais de concesión en cada unha das sesións.

#### Artigo 19. *Resolución e aceptación*

1. A resolución das solicitudes correspóndelle á persoa titular da Consellería do Mar, que poderá delegar a dita competencia na persoa titular da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

2. Esta autorización non implicará a aprobación do gasto, que corresponderá en todo caso ao órgano competente para ditar a resolución de concesión da subvención.

3. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución da axuda será de tres (3) meses desde a data de publicación desta orde de convocatoria de axudas no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o prazo sen resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes, de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. Unha vez notificada a dita resolución, o interesado terá un prazo de dez (10) días hábiles a partir do seguinte ao da súa notificación para a aceptación desta. Transcorrido este prazo sen producirse manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a axuda.

5. A resolución de concesión indicará, entre outros aspectos, os compromisos asumidos polas persoas beneficiarias; os créditos orzamentarios aos cales se imputa o gasto; a contía da subvención individualizada e a porcentaxe do financiamento do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca; os prazos e modo de pagamento da subvención; e o prazo e a forma de xustificación por parte da persoa beneficiaria do cumprimento da finalidade para a cal se cobra a subvención.

#### Artigo 20. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia





(<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta ao dispor das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o dito enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta ao dispor da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 21. *Recursos*

1. Contra a resolución expresa que se dite, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería do Mar, no prazo dun (1) mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous (2) meses contados, en ambos os casos, desde o día seguinte ao da súa notificación.

2. Se, transcorrido o prazo para resolver o establecido no artigo 20, non lle é notificada a resolución ao interesado, entenderase desestimada por silencio negativo e caberá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería do Mar en calquera momento, ou recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de seis (6) meses, contados, en ambos os casos, a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

3. Sen prexuízo do anterior, os interesados poderán exercer calquera outro recurso que consideren oportuno.



**Artigo 22. Modificación da resolución**

1. Unha vez ditada a resolución de concesión, e antes da presentación da xustificación de cobramento, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención ou a obtención concorrente de subvencións e axudas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á súa modificación.

2. A autorización para a modificación dos termos en que foi concedida a axuda quedará condicionada aos seguintes requisitos:

- a) Que o proxecto modificado non poida dar lugar a unha nova análise da solicitude.
- b) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade destas bases reguladoras e da convocatoria oportuna.
- c) Que a modificación non cause prexuízo a terceiros.
- d) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de concorren na concesión inicial, non suporían a denegación da subvención.
- e) Que o proxecto modificado, no caso de que fose presentado co resto das solicitudes, resultase seleccionado na concesión inicial, seguindo os criterios de selección fixados.

3. As solicitudes de modificacións deberá comunicalas a persoa beneficiaria, por escrito, con anterioridade á súa realización nun prazo non inferior a dous (2) meses antes da data límite de xustificación do investimento e requirirá resolución expresa da Consellería do Mar. No escrito a persoa beneficiaria deberá deixar constancia debidamente motivada das razóns que aconsellan a modificación proposta.

4. Non se admitirán nin se aprobarán modificacións que supoñan unha execución total inferior ao 60 % do investimento inicialmente aprobado e en ningún caso poderán supoñer un incremento da subvención concedida.

5. Non obstante o indicado nos parágrafos anteriores, poderanse autorizar modificacións que se orixinen por causas de forza maior ou situacións sobrevidas suficientemente xustificadas que, en todo caso, deberán ser apreciadas polo órgano concedente e debidamente motivadas.



6. Non se admitirá a subrogación dun novo propietario na condición de solicitante ou persoa beneficiaria das axudas, excepto nos casos de enfermidade que dificulte ou imposibilite a realización desta actividade, sucesión *mortis causa*, adquisición da propiedade como consecuencia de procesos de disolución e liquidación de persoas xurídicas, operacións de fusión ou escisión parcial ou total de sociedades ou naqueloutros casos en que, a xuízo do órgano competente para a concesión das axudas, a transmisión da propiedade do investimento subvencionado e a subrogación do novo propietario na posición do solicitante ou persoa beneficiaria non desvirtúe a finalidade das axudas e non produza enriquecemento. En calquera caso, a nova persoa beneficiaria deberá cumprir os requisitos desta orde e asumir as obrigas derivadas da concesión.

7. As modificacións nos prazos de xustificación dos investimentos terán a consideración de alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, por tanto, deberán tramitarse de acordo co establecido no presente artigo.

8. O acto polo cal se acorde a modificación da resolución de concesión ou, se é o caso, a súa denegación, será ditado polo órgano concedente, unha vez instruído o correspondente expediente, en que se dará audiencia ao interesado. Con todo, poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin se teñan en conta na resolución outros feitos, alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

#### Artigo 23. *Actas de fin de obra/investimento*

1. A realización do investimento xustificarse mediante a oportuna acta de fin de obra/investimento mediante certificación dos servizos da Consellería do Mar, que se solicitará coa propia presentación do expediente para o pagamento, nos mesmos termos e condicións establecidos no artigo 11, puntos 5 a 7.

2. Exceptúanse dos puntos anteriores aqueles investimentos en que o importe da subvención sexa inferior a 9.000 euros. Nestes casos a realización do investimento xustificarse coas facturas e a certificación bancaria dos pagamentos correspondentes ás devanditas facturas, así como cunha declaración responsable do interesado (anexo VII) de que o dito investimento foi realizado segundo a resolución de concesión.

A consellería poderá, en calquera momento, realizar as comprobacións que considere oportunas para verificar a efectiva e correcta realización dos investimentos antes mencionados.



**Artigo 24. Prazos de execución, xustificación e pagamento**

1. Con carácter xeral, o prazo para a xustificación material e documental dos investimentos será o 30 de novembro de 2020, salvo que a resolución individual de concesión da axuda dispoña dun prazo distinto.

2. Transcorrido o prazo indicado sen que a persoa beneficiaria presente a documentación xustificativa, procederase segundo o artigo 45 do Regulamento de subvencións.

3. Para o pagamento da axuda é imprescindible o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Que o investimento obxecto da axuda e a súa xustificación estean realizados de conformidade coa resolución de concesión, integramente finalizado e totalmente pagado. A acreditación da realización do investimento realizarase coa certificación de fin de obra, regulada no artigo 24 desta orde.

No caso de que a axuda sexa un proxecto vinculado só se poderá pagar se todos os buques realizan o devandito investimento.

b) Que as persoas beneficiarias estean ao día nas súas obrigacións tributarias e da Seguridade Social e que non teñan pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Igualmente, a persoa beneficiaria non terá pendente de pagamento ningunha obriga por reintegro de subvencións.

4. As solicitudes de pagamento presentaranse conforme o disposto no artigo 13 desta orde reguladora, en calquera das formas previstas nos artigos 14 e 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As solicitudes deberán conter a seguinte documentación:

– Anexo X, relativo á declaración responsable doutras axudas e compromiso do requisito de admisibilidade.

– Facturas detalladas do investimento realizado.

No caso de que os beneficiarios sexan unha pluralidade de persoas, as facturas deben ter sido emitidas a nome de cada beneficiario pola porcentaxe de axuda concedida que lle corresponda segundo o indicado na resolución de concesión.



– Documento de concesións, autorizacións, permisos ou licenzas para levar a cabo os investimentos previstos e para a instalación e o funcionamento do establecemento, no caso de non achegalo antes da concesión da axuda.

– Certificación bancaria acreditativa dos pagamentos realizados correspondentes ás mencionadas facturas. Os certificados bancarios indicarán a factura ou facturas que soportan. Os pagamentos teranse que realizar obrigatoriamente mediante transferencia bancaria.

No caso de que os beneficiarios sexan unha pluralidade de persoas, os pagamentos deben estar realizados a nome de cada beneficiario pola porcentaxe de axuda concedida que lle corresponda segundo o indicado na resolución de concesión.

– Anexo VII, declaración responsable de fin de obra, se for o caso.

– Para as axudas en servizos de asesoramento para fomentar a pesca sustentable: presentar os traballos de asesoramento que inclúan as tarefas realizadas.

5. No caso de que o investimento fose xustificado por menor contía que a considerada como elixible inicialmente, minorarase a axuda na mesma proporción, sempre que esta minoración na xustificación da axuda non afecte aspectos fundamentais do proxecto e non supoña unha execución deficiente deste. En calquera caso, unha xustificación inferior ao 60 % do investimento inicialmente concedido implicará a perda ao dereito de cobramento da axuda.

6. No suposto de falta de xustificación documental ou material, a persoa beneficiaria perderá o dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, segundo os casos.

#### Artigo 25. *Garantías*

1. No caso de axudas con varias anualidades, será necesario para o pagamento de cada unha delas, excepto a última, a presentación dunha garantía en forma de aval bancario do 110 % da cantidade pagadoira, segundo o previsto nos artigos 62 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Estes avais deberán presentarse ante a Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia segundo o previsto no capítulo II do título IV do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



3. Unha vez comprobada a realización da actividade ou proxecto para o cal se concedeu a subvención, as garantías serán liberadas.

4. Quedan exonerados da constitución de garantía os beneficiarios das subvencións concedidas cuxos pagamentos non superen os 18.000 euros, segundo o previsto no artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 26. *Reintegro das axudas*

1. Se a persoa beneficiaria incumpre calquera dos requisitos establecidos nestas bases e demais normas aplicables, así como as condicións e obrigas que, se for o caso, se establezan na resolución de concesión da axuda, poderanse anular os beneficios concedidos coa obriga de reintegro da axuda ou subvención.

2. Procederá o reintegro total ou parcial da subvención concedida, así como os xuros de mora correspondentes desde o momento do pagamento da subvención e ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Ademais, será tamén causa de reintegro, de acordo coas directrices comunitarias para o exame das axudas estatais no sector da pesca e da acuicultura (2008/C84/06), a comisión de infracción do dereito comunitario por parte da persoa beneficiaria e, en especial, ás normas da política pesqueira común durante o período cuberto pola subvención. O reembolso das axudas será proporcional á gravidade da infracción cometida.

4. Sen prexuízo da obriga de reintegro, se como consecuencia dunha comprobación posterior ou de calquera outra verificación, se constata falsidade nas declaracións mencionadas nesta orde, serán de aplicación as infraccións e sancións establecidas na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

5. Para este procedemento de reintegro terase en conta o establecido no capítulo II do título II da Lei de subvencións de Galicia.





**Artigo 27. *Infraccións e sancións***

Sen prexuízo do establecido nos puntos anteriores, ás persoas beneficiarias das axudas reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei de subvencións de Galicia.

**Artigo 28. *Transparencia e bo goberno***

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, poidan impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a fornecer á Administración, ao organismo ou ás entidades previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se encontren vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para que aquelas cumpran as obrigacións previstas no título I da citada lei.

3. Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións (BDNS) a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

**Artigo 29. *Servizo Nacional de Coordinación Antifraude***

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco da presente convocatoria poderá poñer os devanditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude na Intervención Xeral da Administración do Estado, polos medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto polo devandito servizo no enderezo web <http://www.igae.pap.minhafp.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>, e nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 3 de abril, que se pode consultar no enderezo web <http://www.igae.pap.minhafp.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Documents/ComunicacionSN-CA06-04-2017Canaldenuncias.pdf>



**Artigo 30. Publicidade**

En aplicación do establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* as axudas concedidas, expresando a convocatoria, o programa e crédito orzamentario a que se imputa, a persoa beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade da subvención, coas excepcións previstas no devandito artigo, se for o caso. A aceptación da axuda supón a inclusión da operación e os seus datos na lista de operacións prevista no artigo 115.2 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 de disposicións comúns e a remisión á Base nacional de subvencións.

**Disposición adicional primeira. Información básica sobre protección de datos persoais**

Os datos persoais recompilados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería do Mar, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. No entanto, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, circunstancia que se reflectirá no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia. Os datos serán comunicados á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda, á Secretaría Xeral de Pesca e á Intervención xeral da C.A. de Galicia coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación do PO do FEMP.

Co fin de dar a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia, como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.



As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>

#### Disposición adicional segunda

No non previsto nesta orde observárase o que establece o Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca; Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo ás disposicións comúns dos fondos estruturais e de investimentos europeos; o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e posteriores modificacións; o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e os do seu regulamento de execución; e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; e demais normativa de aplicación.

#### Disposición adicional terceira

Delégase na directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica a resolución destas axudas.

#### Disposición final primeira

Facúltase a directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

#### Disposición final segunda

Esta orde producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Rosa M<sup>a</sup> Quintana Carballo  
Conselleira do Mar






**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DO MAR

**ANEXO I**  
 (continuación)

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas (incluídos préstamos subvencionados):

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para o mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para o mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA	DATA CONCESIÓN

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e obteña, para a mesma actuación, doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Non ter pendente de pagamento ningunha sanción firme por infracción da normativa marítimo-pesqueira.
7. Non ter cometido infracción grave:

- Da PPC definida como tal en actos lexislativos do Parlamento Europeo e do Consello;
- Segundo o artigo 42.1 do Regulamento (CE) nº 1005/2008 do Consello, ou o artigo 90.1 do Regulamento (CE) nº 1224/2009, para ningún dos buques referenciados nesta declaración, por infraccións cometidas durante os 12 meses anteriores á data de presentación da solicitude. Estas infraccións están previstas na Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, así como a Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, conforme, neste último caso, as seguintes tipificacións: 100.1.a), 100.1.f), 100.1.l), 100.1.m), 100.2.b), 100.2.c), 100.2.f), 100.2.h), 100.2.i), 100.2.k), 100.2.l), 100.2.m), 100.2.n), 100.2.ñ), 100.2.p), 100.2.r), 100.2.u), 100.3.d), 100.3.e), 100.3.f), 100.4.a), 100.4.b), 100.4.d) e 101.c), 101.d), 101.e), 101.i), 101.j), 101.k) e 101.l). No caso de que as infraccións se cometesen con anterioridade á modificación da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, mediante a Lei 33/2014, do 26 de decembro, as tipificacións que deben ser tidas en conta son: 96.1.a), 96.1.f), 96.1.j), 96.1.k), 96.1.l), 96.1.m), 96.1.ñ), 96.1.o), 96.1.p), 96.1.s), 96.1.u), 96.1.v), 96.1.x), 96.2.d), 96.2.e), 96.3.b), 96.3.d) e 97.d), 97.e), 97.f), 97.h).

8. Non é  armador  propietario (márquese o que proceda) de ningún outro buque de pesca.
9. É  armador  propietario (márquese o que proceda) dos buques, de pavillón español ou de terceiro país, que se relacionan a seguir, ademais do buque referenciado na solicitude (enumerar os buques, incluíndo nome, matrícula, código, pavillón e porto base)¹.
10.  O armador/propietario participa na explotación, xestión ou na propiedade dos seguintes buques de pavillón español ou dun terceiro país (enumerar os buques incluíndo nome, matrícula, código, pavillón e porto base, así como os datos identificativos da empresa armadora e propietaria en que o solicitante participa; incluírase, igualmente, a identificación das empresas intermediarias en que participa, aínda que non exploten ou xestionen, ou participen na propiedade directa do buque)¹.

Relación de buques e empresas armadoras/propietarias:

Relación de buques e empresas intermediarias:

11.  Non participa na explotación, xestión ou na propiedade de empresas do sector pesqueiro.
- Participa na explotación, xestión ou na propiedade de empresas do sector pesqueiro (identificación de todas as empresas nas que participa):

12. Non está nin estivo involucrado na explotación, xestión ou propiedade dun buque pesqueiro incluído na lista de buques INDNR da Unión, prevista no artigo 40.3 do Regulamento (CE) nº 1005/2008.
13. Non está nin estivo involucrado na explotación, xestión ou propiedade dun buque pesqueiro que enarbore pavillón de países considerados terceiros países non cooperantes, segundo se establece no artigo 33 do Regulamento (CE) nº 1005/2008.
14. Non está nin foi sancionado en firme ou condenado xudicialmente en firme por fraude, segundo se define no artigo 1 do Convenio relativo á protección dos intereses financeiros das Comunidades Europeas no marco do FEP ou o FEMP.
- No caso de que fose sancionado ou condenado en firme por algunha das causas expostas nesta declaración, identificarase con copia da resolución sancionadora ou sentenza condenatoria.
- No caso de que unha vez recibida a axuda incorra nalgunha das circunstancias recollidas anteriormente (art. 10 RFEMP), deberá comunicar este feito ao órgano xestor da axuda, para proceder ao reintegro do importe correspondente desta cos xuros xerados ata ese momento por incumprimento do dito artigo 10, número 2.




**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DO MAR

**ANEXO I**  
 (continuación)

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA** (continuación)

15. Ter capacidade administrativa para cumprir as condicións da axuda por dispoñer dos medios adecuados:

 Persoal propio     Asociación     Confraría     Xestoría     Outros (indíquese cales):

<sup>1</sup> No caso de tratarse de buque dun país extracomunitario, deberá indicarse o número IMO, para a comprobación da inclusión ou non do buque nas listas de buques INDNR.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE**

- Anexo II. Declaración responsable de non inicio do investimento, se é o caso.
- Anexo III. Formulario de investimento.
- Anexo IV. Declaración de non ter resolución desfavorable a un proceso de regularización.
- Anexo V.1. Pluralidade de persoas físicas, se é o caso.
- Anexo V.2. Agrupacións ou entidades sen personalidade xurídica ou comunidades de bens, se é o caso.
- Anexo VI.1, VI.2 ou VI.3, segundo corresponda.
- Anexo VIII. Proxecto vinculado.
- Anexo XI. Nomeamento de representante, se é o caso.
- Anexo XII. Indicadores FEMP.

**Documentación complementaria:**

Se o solicitante é unha persoa física:


	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Declaración da renda da persoa solicitante dos dous últimos exercicios económicos pechados para os cales se cumpriu o prazo de presentación legalmente establecido.			

Se o solicitante é unha persoa xurídica

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Certificación rexistral actualizada dos estatutos sociais e da escritura de constitución.			
<input type="checkbox"/> Poder suficiente da persoa representante no caso de que tal poder non figure nos estatutos.			
<input type="checkbox"/> Certificación actualizada do Rexistro Mercantil das contas anuais individuais, depositadas no último exercicio económico pechado, incluído informe de auditoría, se é o caso.			
<input type="checkbox"/> Imposto de sociedades do último exercicio económico pechado en que conste o seu envío telemático ou a súa presentación.			
<input type="checkbox"/> Certificación actualizada do Rexistro Mercantil das contas anuais consolidadas, depositadas pola persoa solicitante, ou certificación actualizada do Rexistro Mercantil das contas anuais consolidadas onde a persoa solicitante estea incluída por consolidación, do último exercicio económico pechado, incluído informe de auditoría consolidado, se é o caso.			
<input type="checkbox"/> Certificado acreditativo de carecer de antecedentes penais obtido a través do Rexistro central de penados do Ministerio de Xustiza, que deberá conter a totalidade de antecedentes penais non cancelados, para os efectos de verificar que non foi declarado culpable de cometer fraude no marco do FEP ou FEMP. Se da información anterior non se entender acreditada a ausencia de antecedentes penais, solicitarase ao interesado que achegue certificado que acredite a totalidade de antecedentes penais ou a ausencia deles.			

Se os solicitantes son unha pluralidade de persoas físicas:

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Anexo V.1. Pluralidade de persoas físicas, se é o caso.			
<input type="checkbox"/> Anexo V.2. Agrupacións ou entidades sen personalidade xurídica ou comunidades de bens, se é o caso.			
<input type="checkbox"/> Acordo de nomeamento de representante ou apoderado para os efectos da solicitude da axuda, asinado por todos.			
<input type="checkbox"/> Escritura de constitución da comunidade de bens, agrupación ou entidade sen personalidade xurídica, se é o caso. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación e especificarse a porcentaxe de participación de cada un dos seus membros (anexo V.2).			
<input type="checkbox"/> No caso dunha comunidade de bens ou dunha agrupación ou entidade sen personalidade xurídica que estean en réxime de atribución de rendas, deberán presentar o modelo 184 de declaración informativa de entidades en réxime de atribución de rendas dos dous últimos exercicios económicos pechados para os cales se cumpriu o prazo de presentación legalmente establecido.			
<input type="checkbox"/> Declaración da renda das persoas solicitantes dos dous últimos exercicios económicos pechados para os cales se cumpriu o prazo de presentación legalmente establecido.			
<input type="checkbox"/> No caso de comunidades de bens, agrupacións ou entidades sen personalidade xurídica: certificado acreditativo de carecer de antecedentes penais desta entidade, obtido a través do Rexistro central de penados do Ministerio de Xustiza, que deberá conter a totalidade de antecedentes penais non cancelados, para os efectos de verificar que non foi declarado culpable de cometer fraude no marco do FEP ou FEMP. Se da información anterior non se entender acreditada a ausencia de antecedentes penais, solicitarase ao interesado que achegue certificado que acredite a totalidade de antecedentes penais ou a ausencia deles.			

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: 8z1o7go2-7im3-8262-vdr0-gr2v9hxf2f11


**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DO MAR

**ANEXO I**  
 (continuación)

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE** (continuación)

**Outra documentación complementaria:**

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Declaración resumo anual do IVE do último exercicio económico pechado ou, no caso de non realizala, as liquidacións trimestrais ou mensuais do IVE do último exercicio económico pechado para as cales se cumpriu o prazo de presentación legalmente establecido en que conste o seu envío telemático ou a súa presentación, se é o caso.			
<input type="checkbox"/> Liquidacións trimestrais ou mensuais do IVE do exercicio en curso para as cales se cumpriu o prazo de presentación legalmente establecido, en que conste o seu envío telemático ou a súa presentación, se é o caso.			
<input type="checkbox"/> Certificado actualizado da declaración censual de alta en obrigas tributarias de cada solicitante, en que conste o seu envío telemático ou a súa presentación, de data posterior á data de publicación da orde.			
<input type="checkbox"/> Cando o importe do gasto unitario supere a contía de 40.000 euros no caso de execución de obras ou de 15.000 euros no caso de subministración de bens ou prestación de servizos, o beneficiario deberá achegar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores. A escolla entre as ofertas presentadas realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía e a escolla deberá xustificarse expresamente nunha memoria cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.			
<input type="checkbox"/> Facturas <i>pro forma</i> , se é o caso, do investimento que se vai realizar. Ademais, cando se trate de motores ou outros equipamentos: catálogos, especificacións e, se é o caso, certificado de importación.			
<input type="checkbox"/> Certificación actualizada do Rexistro de bens mobles, sección de buques, acreditativa da propiedade do buque e do estado de cargas ou gravames deste, ou solicitude da dita certificación ante o Rexistro, sen prexuízo da achega da dita certificación previa a ditarse a proposta de resolución.			
<input type="checkbox"/> Folla de asento actualizada (expedida nos 3 meses anteriores contados desde a data de publicación desta orde) ou acreditación de tela solicitado, sen prexuízo da achega da folla de asento previa a ditarse a proposta de resolución.			
<input type="checkbox"/> Seguro que garanta a cobertura de danos a terceiros.			
<input type="checkbox"/> Se a realización do investimento require proxecto técnico ou planos, deberá achegarse e estar asinado por técnico competente. Tamén deberá xuntarse en soporte informático: formato JPG ou PDF. Deberán achegarse os planos de antes e despois da realización do investimento que se solicita.			
<input type="checkbox"/> Se se trata dun proxecto vinculado, segundo a definición establecida nesta orde, deberá asinar o compromiso de execución do investimento que figura no anexo VIII e indicar o nome de todos os buques involucrados.			
<input type="checkbox"/> Informe de riscos actualizado expedido pola Central de Información de Riscos do Banco de España con data posterior á da publicación da orde, asinado electronicamente ou debidamente asinado e selado.			
<b>Plan de financiamento do proxecto:</b>			
<input type="checkbox"/> a) Informe en que se indique a forma en que se vai a financiar o proxecto, especificando se se realizará con recursos propios, alleos ou con ambo os tipos de financiamento.			
<input type="checkbox"/> b) Documentación xustificativa do tipo de financiamento:			
Recursos propios:			
<input type="checkbox"/> Certificados bancarios actualizados debidamente asinados e selados das contas do solicitante onde conste/n o/s titular/es destas, o tipo de conta (corrente, aforro, a prazos, etc.); as contas de crédito considéranse recursos alleos) e os fondos dispoñibles para realizar o investimento. No caso de que o tipo de conta non sexa unha conta corrente ou conta de aforro, deberá indicar a súa dispoñibilidade ou, en caso contrario, o prazo de vencemento.			
<input type="checkbox"/> Ampliación de capital: escritura notarial de ampliación de capital en diñeiro, a súa correspondente inscrición no Rexistro Mercantil e o/s certificado/s bancario/s do/s desembolso/s deste.			
Recursos alleos:			
<input type="checkbox"/> Préstamos formalizados con entidades de crédito: póliza de préstamo vixente debidamente intervida ante notario.			
<input type="checkbox"/> Pólizas de crédito formalizadas con entidades de crédito: póliza de crédito vixente (última renovación), debidamente intervida por notario, e certificado bancario actualizado debidamente asinado e selado, onde se identifique o número da póliza de crédito a que fai referencia, o límite da póliza, o importe dispoñible e o disposto.			
<input type="checkbox"/> Préstamos formalizados con socios: contrato de préstamo entre socios, debidamente asinado por prestamista e prestameiro, certificado/s bancario/s do/s desembolso/s deste, e a liquidación definitiva do imposto correspondente no organismo competente, se é o caso.			
Noutros casos, achegarase a documentación financeira correspondente (non se admitirán préstamos de entidades provedoras).			






**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DO MAR

**ANEXO I**  
 (continuación)

<b>COMPROBACIÓN DE DATOS</b>	
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	<b>OPÓNOME Á CONSULTA</b>
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
NIF da entidade representante	
DNI/NIE da persoa representante legal da persoa xúridica	<input type="checkbox"/>
NIF da entidade solicitante, da comunidade de bens, agrupación ou entidade sen personalidade xurídica, segundo corresponda	<input type="checkbox"/>
Certificación de que a persoa solicitante está ao día no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria	<input type="checkbox"/>
Certificación de que a persoa solicitante está ao día no cumprimento das súas obrigas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificación de que a persoa solicitante está ao día no cumprimento das súas obrigas coa facenda da Xunta de Galicia	<input type="checkbox"/>
Consulta de acharse ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións emitido pola Consellería de Facenda (Atriga)	<input type="checkbox"/>
Informe acreditativo de non ter sanción firme pendente de pagamento por infracción da normativa marítimo-pesqueira emitido pola unidade de sancións e reclamacións da xefatura territorial correspondente da Consellería do Mar	<input type="checkbox"/>
Consulta de non estar en concurso de acredores, artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, obtido a través do Rexistro público concursal do Ministerio de Xustiza	<input type="checkbox"/>
Informe acreditativo de non ter cometido infracción grave da política pesqueira común, do Regulamento (UE) nº 1005/2008, do Consello, polo que se establece un sistema contra a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada, e do Regulamento (UE) nº 1224/2009, do Consello, polo que se establece un réxime comunitario de control emitido polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación	<input type="checkbox"/>
Certificado acreditativo de carecer de antecedentes penais (cando o solicitante sexa unha persoa física)	<input type="checkbox"/>
Consulta do sistema nacional de publicación de subvencións do Ministerio de Facenda de non ter sido declarado culpable de cometer fraude, no marco do FEP ou FEMP	<input type="checkbox"/>
Consulta de non estar nin ter estado nos últimos 24 meses involucrado na explotación, xestión ou propiedade dos buques incluídos na lista comunitaria dos buques INDNR obtido a través da base de datos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación	<input type="checkbox"/>
Autorización ou solicitude de autorización da Consellería do Mar para a realización do investimento previsto no caso de que esta sexa necesaria	<input type="checkbox"/>
Consulta de concesións de subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>
Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>

<b>INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS</b>	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a>
<b>Actualización normativa:</b> no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.	



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MAR**ANEXO I**  
(continuación)**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se derrogan os regulamentos (CE) nº 2328, (CE) nº 861/2006, (CE) nº 1198/2006 e (CE) nº 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) nº 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello.

